

FALTAS DE PAGAMENTO

(ATRASOS NO PAGAMENTO)

Que pasa se non pago o meu crédito ou non o fago nos prazos acordados?

Se deixas de pagar o teu crédito ou non o fas segundo os prazos acordados, non estás a cumprir coas condicións do contrato que asinaches.

O banco ou a entidade financeira coa que contrataches o crédito porase en contacto contigo para pedirche que pagues o que debes.

Normalmente, poden poñerse en contacto contigo de diferentes maneiras:

- Chamándote por teléfono.
- Enviándoches mensaxes de texto (SMS).
- Enviándoches correos electrónicos.
- Enviándoches cartas postais.
- A través da túa área privada na súa páxina web ou aplicación.

Polo xeral, poranse en contacto contigo polo menos **2 veces** para que pagues as cotas que debes.

Ten algún custo para min que me reclamen o que debo?

Si. Reclamar as débedas supón un gasto para o banco ou a entidade financeira, e ese gasto pagaralo ti.

Esta cantidade pode depender de varios factores:

- O tempo que esteas sen pagar.
- O tempo que leven reclamándoches o diñeiro.
- A forma en que se puxeron en contacto contigo.
- O tipo de crédito que teñas contratado e as súas condicións.

Por exemplo:

Se o crédito que tes contratado é para pagar un coche, o custo adoita ser máis alto que se o crédito é para pagar un computador, porque adoitan facerse máis xestións para cobrar a débeda impagada.

Ademais, se te atrasas nun pagamento, é dicir, non o pagaches cando debías, o importe impagado xera un custo cada día. Estes xuros chámanse **xuros de demora**.

Que son os xuros de demora?

É o custo que che cobra o banco ou a entidade financeira por non pagar a cota do teu crédito a tempo.

Os xuros de demora súmanse ao total do diñeiro que debes.

Onde podo atopar toda esta información?

Todas as condicións do crédito as atoparás nos seguintes documentos:

- No documento chamado INE (información normalizada europea).
- No contrato que asinaches co banco ou a entidade financeira para contratar o crédito.

PPor iso, é moi importante que leas e entendas todo o que pon na INE e no contrato antes de asinalo.

E se teño dúbidas ou necesito axuda?

Ponte en contacto co teu banco ou entidade financeira.

Lembra:

Cada persoa é diferente
e, por iso, a entidade financeira
pode tratar cada caso de maneira particular.